

SUMMUM

Summum é unha selección dos espectáculos máis relevantes do panorama estatal.

Summum é un esforzo pola calidade, e unha forma de achegarte aos artistas máis coñecidos e recoñecidos.

Ergue o pano.

Descobre o **Summum** das artes escénicas.



VENTA DE ENTRADAS

anticipadas ata esgotar localidades en:

 **Ataquilla.com**

902 504 500

DE NON ESGOTARSE,

venda de entradas
na billeiteira do Pazo
dende 2 horas antes

SUMMUM

diseño: ovpublicidade.com | imprime: graficas andurain (D.L. P03395-2017)

SUMMUM

PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA
SETEMBRO-OUTUBRO-NOVEMBRO DE 2017



29 SETEMBRO | 21.00 h

LA VELOCIDAD DEL OTOÑO

Lola Herrera, Juanjo Artero

Prezo: 20€ máis gastos de tramitación

Alejandra (**Lola Herrera**), unha artista de 79 anos, enfróntase á súa familia polo lugar onde vai pasar o resto dos anos que lle quedan de vida.

La velocidad del otoño é unha obra mordaz, divertida e profundamente conmovedora sobre a fragilidade e a frugalidade da vida.



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



7 OUTUBRO | 21.00 h
LO MEJOR DE YLLANA

Quique Peón Cía

Prezo: 20€ (menores, parados e xubilados, 18 €)
máis gastos de tramitación

A peza repasa os grandes momentos da traxectoria da compañía, cunha selección dos mellores sketches dos seus espectáculos que fará realidade o desexo dos *fans* da compañía, ao concentrar nunha mesma obra os *gags* máis divertidos de **Yllana** neste cuarto de século.

*Espectáculo recomendado para maiores de 14 anos.



22 OUTUBRO | 19.00 h
MENÚ DE NOITE

Carlos Blanco e Luis Davila

Prezo: 10€ máis gastos de tramitación

O actor e o debuxante combinan de novo enxeño e artes para atopar o cóctel perfecto. Nesta ocasión, viaxan a Broadway. Cos sachos, claro.

O espectáculo, con música de **Budiño** e **Kepa Junquera**, é un traballo a dúo onde a comedia ten finalmente a cobertura visual que nunca tivo.

Gargalladas aseguradas... e debuxadas.



28 OUTUBRO | 21.00 h
NAGARE

Circle of Trust-Logela Multimedia

Prezo: 12€, (10€ menores, parados e xubilados)
máis gastos de tramitación

Espectáculo de **danza e tecnoloxía**.

Esta peza profunda e madura, une a danza co audiovisual servíndose dunha novidosa escenografía totalmente integrada na obra. **Logela Multimedia** cautivará ao espectador co seu dominio das cores e as formas, e **Circle of Trust** aportará o corpo e a forza da danza ao espectáculo.



3 NOVEMBRO | 21.00 h
EL TEST

Luis Merlo, Itziar Atienza, Antonio Molero e Maru Valdivieso

Prezo: 20€, (18€ menores, parados e xubilados)
máis gastos de tramitación

Que prefires? Cen mil euros agora mesmo ou un millón dentro de dez anos? Así de simple, así de difícil.

O que comeza sendo un suposto teórico, un simple test, irá pouco a pouco debullando a personalidade e os segredos mellor gardados dos nosos personaxes.

* Gañadora do premio Fray Luis de León